


ATENCIÓN TEMPERA



FLUXOGRAMA DO PROCESO DE ATENCIÓN TEMPERA



D.L.: C 918-2015 Imprime: Grafideza

AT: Atención tempera PPI: Plan personalizado de intervención

ATENCIÓN TEMPERA



A Rede galega de atención temperá, creada polo Decreto 183/2013, do 5 de decembro, é un espazo común de coordinación e corresponsabilidade entre os sistemas de saúde, educación e servizos sociais para prestar aos nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecerlos así como ás súas familias e ao seu contorno, unha actuación integral en atención temperá.

A atención temperá desenvólvese como unha atención especializada multidisciplinar, e as actuacións terán un carácter multidimensional e biopsicosocial mediante equipamentos interdisciplinares especializados que seguirán un modelo metodolóxico común de actuación.

Co obxectivo de establecer a debida coordinación, coherencia e optimización dos servizos do sistema sanitario, de educación e de servizos sociais, procurando unha complementariedade das intervencións e garantindo en todo caso un modelo único de intervención, elaborouse o Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá que foi aprobado polo Consello autonómico de atención temperá o 22 de decembro de 2014.

Neste protocolo cobra especial importancia, no proceso de detección e derivación de situacións susceptibles de necesitar atención temperá, a figura das e dos profesionais da pediatría de atención primaria de saúde, de xeito que son estes ou estas profesionais os que farán a valoración inicial do desenvolvemento do neno ou nena e, a partir do seu diagnóstico, determinan a idoneidade da unidade de atención temperá para facer a atención especializada, segundo as necesidades observadas.

Ao mesmo tempo, as unidades de atención temperá, tanto as dependentes da Consellería de Sanidade como as dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, así como os servizos educativos que atenden a/o menor, deben actuar de forma coordinada cos servizos de pediatría de atención primaria de saúde e colaborar tanto na información como no seguimento dos casos.

Quen ten dereito a recibir atención temperá?

Son persoas destinatarias da atención temperá os/as nenos/as de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en situación de risco de padecerlos, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Onde nos podedes atopar e cómo podedes poñervos en contacto connosco?

O Servizo de Atención Temperá do Concello de Bueu atópase na dirección R/ Montero Ríos, 99, local 11-12, Bueu. Podedes contactar connosco a través do número de teléfono 628 86 78 12 ou ben a través do correo electrónico sat.bueu@coescoformacion.com

Que procedemento se segue desde o servizo de pediatría?

Os servizos de pediatría de atención primaria ou especializada desenvolverán os procesos diagnósticos que lles corresponden e no caso de confirmar a sospeita de trastorno no desenvolvemento ou de vulnerabilidade evolutiva que cumpran cos criterios de entrada á Rede galega de atención temperá derivarán o menor e a súa familia ao equipamento de referencia que lle corresponda. Para efectuar esta derivación teñen á súa disposición un impreso denominado "Formulario de derivación de pediatría a atención temperá" impreso que figura no Protocolo de coordinación.

Onde se poden derivar os menores de 0-6 anos con trastornos do desenvolvemento?

Desde os servizos de pediatría realizárase a derivación ás unidades de atención temperá.

Realízase a derivación ás unidades hospitalarias cando o diagnóstico de pediatría aconselle atención temperá hospitalaria ou se a unidade de atención temperá de proximidade non conta co persoal especializado necesario para o tratamento que a nena ou neno precise. Nos demais casos, as familias serán derivadas á unidade de atención temperá máis próxima ao seu domicilio, segundo as necesidades que presenten en relación á atención temperá ou mesmo de asesoramento nesta materia.

Que profesionais compoñen as unidades de atención temperá en Galicia?

Estas unidades contan con persoal especializado en atención temperá e desenvolvemento infantil que atenden diferentes áreas do desenvolvemento. As persoas que compoñen os equipos teñen titulacións específicas e/ou experiencia nesta materia e, dependendo do tipo de unidades contan con máis ou menos especialidades nos equipos interdisciplinares.